

**RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E DO GASTO**  
**FASE: AUTORIZACIÓN (A)**

**CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO DOS SERVIZOS DE ELABORACION DAS CREATIVIDADES PARA AS CAMPAÑAS DE COMUNICACION E INSTITUCIONAIS DA XUNTA DE GALICIA**

**EXPEDIENTE:** CB1 AM 3/2019

**DENOMINACIÓN:** Creatividade para 2 campañas institucionais. 2 lotes

**REFERENCIA ACORDO MARCO:** 2019-04-278/1

**REFERENCIA CONTRATO DERIVADO:** 2019-04-278/2

**Primeiro. Competencia.**

Segundo o Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración autonómica encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual, correspondéndolle a xestión das competencias en materia de medios de comunicación social, telecomunicación e audiovisual.

A Disposición adicional deste Decreto establece que *“quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos de gastos dos orzamentos do seu centro directivo, (...) todas as facultades que a normativa vixente atribúe aso órganos de contratación, así como a formalización de convenios no seu respectivo ámbito competencial. (...)”*.

**Segundo. Acordo Marco.**

A Secretaría Xeral de Medios está a licitar un **Acordo Marco dos servizos de elaboración das creatividade para as campañas de comunicación e institucionais da Xunta de Galicia**.

O obxecto deste contrato é o servizo de elaboración das creatividade para as distintas campañas de comunicación e institucionais da Xunta de Galicia sobre os programas e actuacións públicas de relevancia e interese social.

As necesidades administrativas que se pretenden satisfacer con este Acordo Marco son as seguintes:

- Promover a difusión e coñecemento dos valores e principios propios de Galicia.
- Difundir a lingua galega e o patrimonio histórico, natural, gastronómico de Galicia.
- Comunicar programas e actuacións públicas de relevancia e interese social.
- Fomento de actuacións socialmente responsables e promoción de todos os sectores económicos, culturais, sociais que integran a sociedade galega.

O acordo marco ten un orzamento base de licitación de 1.227.682,66 euros (IVE engadido). O valor estimado é de 1.591.146,91 euros, determinado polo conxunto dos contratos derivados a realizar durante a vixencia do acordo marco, de acordo co establecido no artigo 101.13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

A sinatura deste Acordo Marco non supón a adxudicación directa de ningún contrato derivado deste, só permite participar nas posteriores licitacións como empresa seleccionada.

Deste acordo marco non se derivan obrigas económicas. As ditas obrigas económicas serán exclusivamente as que resulten dos contratos derivados que, baseados neste acordo marco, poidan formalizarse.

As sucesivas licitacións dos contratos derivados serán con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461A.640.0 dos orzamentos da Comunidade autónoma para os anos 2019 e 2020.

**Segundo. Licitación do contrato derivado.**

Simultaneamente coa licitación do Acordo Marco, licítase o primeiro contrato baseado que ten por obxecto a elaboración das creatividade para as seguintes campañas institucionais:

- Igualdade.
- Natalidade.
- Este contrato desagregase en 2 lotes: Lote 1 (Igualdade) e lote 2 (Natalidade).



O órgano de contratación aprobou os pregos de prescricións técnicas (PPT) e os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) o 11.03.2019.

Este contrato financíase con cargo aos orzamentos da Comunidade autónoma para o ano 2019, nos que existe crédito adecuado e suficiente, nos seguintes termos:

Lote	Denominación	Importe	IVE	Total
1	Creatividade para a elaboración dunha campaña institucional de Igualdade.	60.495,87	12.704,13	73.200,00
2	Creatividade para a elaboración dunha campaña institucional de Natalidade.	43.904,97	9.220,04	53.125,01
<b>TOTAL</b>		<b>104.400,84</b>	<b>21.924,17</b>	<b>126.325,01</b>

Valor estimado do contrato:	<b>104.400,84</b>
Aplicación orzamentaria:	04.20.461A.640.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2019

**- DESAGREGACIÓN (UNIDADES, PREZOS UNITARIOS E IMPORTES)**

Medio	Formatos	Tipo	Prezos	LOTE 1				LOTE 2			
				Unidades	Importe	IVE	Total	Unidades	Importe	IVE	Total
Televisión	Spot 90"	Orixinal	33.057,85		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
		Adaptación	3.305,79		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
		Actualización	8.000,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
	Spot 30"	Orixinal	24.793,39	1	24.793,39	5.206,61	30.000,00		0,00	0,00	0,00
		Adaptación	2.066,12	1	2.066,12	433,88	2.500,00		0,00	0,00	0,00
		Actualización	5.500,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
	Spot 20"	Orixinal	18.595,04		0,00	0,00	0,00	1	18.595,04	3.904,96	22.500,00
		Adaptación	1.239,67		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
		Actualización	3.000,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
Xornais	Gráfica publicitaria	Orixinal	4.958,68	4	19.834,72	4.165,28	24.000,00	3	14.876,04	3.123,96	18.000,00
		Adaptación	619,83	4	2.479,32	520,66	2.999,98	1	619,83	130,16	749,99
		Actualización	2.000,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
Radio	Cuña 30"	Orixinal	991,74	2	1.983,48	416,53	2.400,01	1	991,74	208,27	1.200,01
		Adaptación	392,56	2	785,12	164,88	950,00	0	0,00	0,00	0,00
		Actualización	250,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
	Cuña 20"	Orixinal	661,16		0,00	0,00	0,00	1	661,16	138,84	800,00
		Adaptación	392,56		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
		Actualización	250,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
Internet	Banner gráfico	Orixinal	991,74	2	1.983,48	416,53	2.400,01	2	1.983,48	416,53	2.400,01
		Adaptación	392,56	2	785,12	164,88	950,00	1	392,56	82,44	475,00
		Actualización	250,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00
Idea creativa		Orixinal	5.785,12	1	5.785,12	1.214,88	7.000,00	1	5.785,12	1.214,88	7.000,00
					<b>60.495,87</b>	<b>12.704,13</b>	<b>73.200,00</b>		<b>43.904,97</b>	<b>9.220,04</b>	<b>53.125,01</b>

O 15.04.2019 contabilizouse o documento contable RC, número de referencia 2019-04-278/1 con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461A.640.0, polo importe máximo de **126.325,01** euros.

**Terceiro. Fiscalización do gasto.**

O 16.4.2019 fiscalizouse o documento contable A con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461A.640.0 polo importe máximo de **126.325,01** euros.



## CONSIDERACIONES LEGAIS E TECNICAS

### Primeiro. Competencia.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, determina a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, entre os que figura a Secretaría Xeral de Medios.

A Secretaría Xeral é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual.

A Disposición adicional segunda deste Decreto establece que “quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos de gastos dos orzamentos do seu centro directivo. Aprobar e comprometer gastos (...), recoñecer as obrigas económicas e propoñer o seu pagamento, as demais competencias atribuídas ás persoas titulares das consellerías en materia orzamentaria, agás o capítulo I (...), todas as facultades que a normativa vixente na materia atribúe aos órganos de contratación, así como a formalización de convenios (...), a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia (...)”.

### Segundo. Normativa.

- “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto (...)”, de acordo co establecido no artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

- Son de aplicación os artigos 72 e 95 do Texto Refundido do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia, sobre a aprobación do gasto e as fases da función interventora.

En consecuencia, de acordo cos informes técnicos e a proposta da mesa de contratación,

## RESOLVO

Aprobar o expediente e o gasto e a apertura do procedemento de adxudicación nos termos seguintes:

<b>Fases de gasto. Documento contable</b>	A
<b>Procedemento contratación:</b>	Contrato baseado no Acordo Marco do sevizos de elaboración das creatividadeas para as campañas de comunicación e institucionais da Xunta de Galicia.
<b>Expediente:</b>	CB1 AM 3/2019
<b>Obxecto:</b>	Creatividade para as seguintes campañas institucionais: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Igualdade.</li> <li>• Natalidade.</li> </ul>
<b>Orzamento de licitación (ive engadido):</b>	126.325,01 euros
<b>Aplicación orzamentaria</b>	04.20.461A.640.0
<b>Prazo de execución</b>	Ata o 15 de xullo de 2019.

Santiago de Compostela, na data reflectida na marxe  
A secretaria xeral de Medios

Mar Sánchez Sierra

